

Danse "facilidades para traballar" (dispoñibilidade para o emprego) en lugar de traballo. Implantouse a aceptación de calquera posto de traballo baixo presión por parte dos parados e paradas, que se denomina paradoxalmente "right to work" (dereito a traballar). Non está establecido nin o salario mínimo, nin a seguridade nin a saúde no centro de traballo.

Os traballadores e traballadoras dalgúñas multinacionais, como Wal-Mart e McDonal's, cobran salarios de fame e, tanto é así, que teñen que solicitar os bonos de alimentación que concede o goberno estadounidense ás persoas pobres.

**Esta é a situación laboral que moi probablemente podería implantarse nos países da UE, en prol da competitividade, se chegase a asinarse o TTIP.**

**STOP TTIP CETA TISA**

 **CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**  
[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org) [www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)



**O TTIP DESTRÚE O TEU FUTURO E CONVÉRTETE EN MERCADORÍA**

Agricultura, servizo públicos, dereitos laborais, enerxía, medicina, sanidade, regulación financeira, medio, cultura, etc, entregaranse ás multinacionais. Divididos, desprotexidos e sen dereito de folga.



**Reformando os dereitos laborais e a política social en favor das transnacionais.**

**MOBILÍZATE**

**CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRÁBAJO**  
[WWW.CGTGALICIA.ORG](http://WWW.CGTGALICIA.ORG)  
[WWW.ROJOYNEGRO.INFO](http://WWW.ROJOYNEGRO.INFO)





## Que é o TTIP?

O Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (TTIP polas súas siglas en inglés) entre os Estados Unidos e a Unión Europea é un tratado de libre comercio que se está a negociar de costas á cidadanía, sen consultar á sociedade civil, entre as grandes empresas multinacionais e as elites políticas de ambas as dúas rexións, co obxectivo de constituír a maior zona de libre comercio do mundo. Ten como obxectivo real desregular e eliminar dereitos sociais, laborais, normativas ambientais, etc... **así como privatizar os servizos públicos: a saúde, a educación, a auga, os transportes, a xestión de residuos, etc...**) para conseguir cada vez máis e máis beneficios e aumentar constantemente a taxa de ganancia.

Para iso débense garantir os investimentos das empresas por enriba das leis dos Estados, aos que estes terán que indemnizar se ven diminuído o nivel previsto das súas ganancias, a través do Instrumento de Resolución de Conflitos entre Investidores e Estados (ISDS), os famosos tribunais de arbitraje, non sometidos á xustiza ordinaria dos Estados.

O TTIP é unha volta de rosca máis para intentar rematar cos dereitos da cidadanía e disciplinar os traballadores e traballadoras, ao acentuar os procesos de recortes, privatización e liberalización de fluxos de capitais, aumentando aínda máis o poder do gran capital, tal como sucedeu con outros tratados (un exemplo claro é o Tratado de Libre Comercio de Norteamérica entre EE.UU., Canadá e México). Dende esta perspectiva, de se asinar, as súas consecuencias van ser moi negativas para os dereitos sociais e laborais, o emprego, a agricultura, a alimentación, o mundo rural e o medio.

## Que supoñerá para os traballadores e traballadoras?

### Consecuencias para o emprego

Segundo informes favorables á firma do TTIP, se crearían dous millóns de postos de traballo en EE.UU. e a UE e habería un aumento do Produto Interior Bruto (PIB) na UE entre o 1% e o 0,5% ata 2027, pero a mesma Comisión Europea o reduce ao 0,1%. Destruiríanse empregos na industria cárnica, no sector dos fertilizantes, no bioetanol, no azucre, nos bens de equipo, no sector metalúrxico e na agricultura, destruíndo a vida rural e a industria local.

Un estudo alternativo e crítico co TTIP, cunha metodoloxía (Modelo das Nacións Unidas de Política Global) utilizada polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), realizado pola Universidade de Tufts (EE.UU.),

conclúe, entre outras cousas, que se perderían 600.000 postos de traballo na UE, as rendas de traballo se reducirían na súa participación no PIB e se perderían ingresos públicos.

As conclusións favorables á creación de emprego debido ao TTIP, son negadas pola experiencia doutros tratados como o Acordo de Libre Comercio de Norteamérica (NAFTA), asinado en 1994, onde se afirmaba que se crearían un total de 20 millóns de empregos; non obstante, lonxe disto, houbo unha perda dun millón de empregos e destruíuse o subsector do millo mexicano pola invasión do millo transxénico estadounidense con prezos moi baixos.

### Impacto nos dereitos laborais

No que se refire aos dereitos laborais, hai que ter en conta a "harmonización" da regulación, a igualación á baixa. **Rebaixaranse os dereitos laborais da UE ao nivel existente en EUA.**

Así, en EE.UU. os dereitos laborais brillan pola súa case total ausencia e na UE por agora están garantidos, pero non harmonizados, polo menos formalmente, pero concúlcanse cada vez máis.

**EE.UU. non asinou os convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT) relativos á negociación colectiva e ao dereito de organización e asociación**, así como os que se refiren á igualdade de remuneración entre homes e mulleres, ao apoio aos traballadores e traballadoras con responsabilidades familiares, o traballo doméstico, así como o convenio sobre a protección da maternidade que regula os permisos, prestacións, dereito á lactación, etc...

**Tampouco ratificou a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación da muller (CEDAW** polas súas siglas en inglés), que foi aprobado o 18 de decembro de 1979 pola Asemblea Xeneral das Nacións Unidas, o cal entrou en vigor o 3 de setembro de 1981; nin o Pacto Internacional de Dereitos Económicos (incluídos os dereitos laborais e de saúde), Sociais e Culturais, adoptado pola devandita Asemblea, mediante a resolución 2200 A (XXI) do 16 de decembro de 1966 e que entrou en vigor o 3 de xaneiro de 1976.

Ademais, entre os Estados da Unión existe unha gran competitividade por atraer investidores, tanto doutros Estados coma de países estranxeiros, para o cal en 24 deles rebaixaron os salarios e recortado dereitos en seguridade e saúde laboral.

**A negociación colectiva e a liberdade sindical non están recoñecidas, por conseguinte o dereito de folga e a liberdade sindical desapareceron do mundo laboral.**